

# Énchete de saúde cos alimentos!

## Charla

Ponente

**Ana M.<sup>a</sup> Martínez Lorente**

Servizo de Estilo de Vida Saudable e Educación para a saúde  
Subdirección Xeral de Programas de Fomento  
de Estilos de Vida Saudables  
Consellería de Sanidade

Lugar

IES de Mugardos

Data

**Martes, 17 de abril**

Programa

17:00 - 18:00

Alumnado de 1.º e 2.º ESO

**18:00 - 20:00 horas**

Pais, nais, profesorado  
e poboación en xeral interesada

# As novas ferramentas dixitais na aula e na casa!

## Sesión informativa

Ponente

**Antonio Aneiros López**

Asesor Abalar zona de Ferrol  
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia  
(AMTEGA)

Lugar

IES de Mugardos

Data e hora

**Martes, 24 de abril**

**18:00 – 20:00 horas**

Pais e nais de alumnado de 1.º e 2.º ESO



Departamento de  
Educación Física  
IES de Mugardos



**CFR**  
FERROL





## IES de Mugardos



**Enderezo:**

Rúa do Cristo s/n  
15620 MUGARDOS  
A CORUÑA



<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesdemugardos/>



**Teléfono:**  
881 93 82 00



**Email:**  
[ies.mugardos@edu.xunta.es](mailto:ies.mugardos@edu.xunta.es)

Estimadas familias:

O IES de Mugardos comprácese en invitálo ás sesións informativas que os vindeiros martes deste mes se realizarán no salón de actos do centro, a partir das 18:00 horas.

A primeira charla correrá a cargo da doutora **Ana M.<sup>a</sup> Martínez Lorente**, do Servizo de Estilo de Vida Saudable e Educación para a Saúde da Consellería de Sanidade. A actividade está aberta a toda a comunidade educativa e tamén á poboación en xeral interesada neste tema.

Con esta sesión, organizada polo departamento de Educación Física, queremos comezar unha serie de actividades dirixidas aos pais e nais en sintonía co resto dos programa educativos nos que participa o instituto. Neste caso, por exemplo, o alumnado de 1.º e 2.º ESO terá tamén oportunidade de contar previamente con esta charla sobre alimentación saudable adaptada ás súas necesidades. Esperamos que sexa do seu interese e suscite elementos de crítica e debate construtivo sobre os hábitos de vida saudables que todos desexamos inculcar aos nosos fillos e fillas.

A segunda actividade, do martes 24, está dirixida ás familias de alumnado participante no proxecto EDIXGAL. O ponente será o asesor educativo TIC para a zona de Ferrol, **Antonio Aneiros**. O obxectivo é dar a coñecer as posibilidades das novas ferramentas e como mellorar o seu uso na casa.

Un saúdo.

*Serafín Álvarez Rodríguez  
Director do IES de Mugardos*